PROPOSTAS DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA OS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE SANTIAGO PARA O EXERCICIO 2020

Compostela Aberta aposta por manter un deseño dos orzamentos para o Concello de xeito coral, ao igual que se fixo no anterior mandato municipal, no que as contas municipais foron acordadas polas forzas progresistas con representación na corporación. Neste sentido, consideramos que é necesario preservar as liñas estratéxicas que manteñan e consoliden os compromisos cos dereitos sociais, os servizos públicos de calidade e o reequilibrio territorial; co foco posto nas infraestruturas que priorizan a accesibilidade, o medio ambiente e a protección do noso patrimonio histórico.

Neste sentido, o grupo municipal de CA propón que os orzamentos incorporen acordos plenarios aprobados por maioría ou unanimidade neste mandato, así como proxectos escollidos pola cidadanía no último proceso de Orzamentos Participativos desenvolvido, e que tiñan sido incluídos na proposta de orzamentos municipais que Compostela Aberta levou a Pleno en decembro do 2018 e que foi votada en contra. Tamén propomos manter as previsións orzamentarias que garantan unha mellora dos servizos municipais e continuar coa modernización da administración local.

Propostas realistas e con bases reais, proxectos redactados e que dan resposta a compromisos xa alcanzados coa cidadanía, alén de consensuadas, no anterior mandato, entre as organizacións de esquerdas de Santiago. En definitiva, propostas que atenden ás demandas das maiorías sociais e que procuran colocar o Concello ao servizo da cidadanía, como unha ferramenta que acompañe e axude a preservar o ben común e mellorar as condicións de vida da veciñanza.

1. DEREITOS SOCIAIS

Despois de que no anterior mandato o Concello de Santiago duplicara o gasto social por habitante, o mínimo que debe ser contemplado no orzamento de 2020 son os **111 €/hab e os 10,7 M€** totais que constaban na proposta orzamentaria para o 2019 realizada por Compostela Aberta. Partindo destes mínimos é imprescindible continuar implementando programas específicos e políticas públicas que buscan mellorar a vida e o benestar das persoas:

a. **Ordenanza de Garantía Básica Cidadá**
   Afianzar esta medida, punteira en todo o Estado, para dar unha máis rápida atención a quen está en situación de emerxencia social e sen cobertura, intentando asegurar unha renda mínima suficiente para atender gastos que garantan unha vida en condicións de dignidade.

b. **Servizo de Axuda no Fogar (SAF)** 3.000.000 €
   Manter a liña dos últimos anos e garantir fondos para que non existan listas de espera nun dos servizos máis demandados polas persoas maiores dependentes.

c. **Renda básica infantil** 650.000 €
   Completar os traballos técnicos xa iniciados no anterior mandato para impulsar unha Renda Básica Infantil co obxectivo de que as axudas poidan chegar antes e dun xeito mellor organizado ás familias, promovendo así a igualdade de oportunidades no acceso á educación e a participación social, de xeito que ningunha crianza quede atrás por razóns socioeconómicas. Esta renda substitiuiría o programa de bolsas e axudas escolares para comedores e actividades xa no próximo ano académico 2020-21

2. IGUALDADE E TERRITORIO DAS MULLERES

Mantemento, como mínimo, das partidas vinculadas ao gasto corrente e o desenvolvemento de actividades no departamento de Igualdade que permitan darlle cumprimento ao acordo plenario de decembro de 2019, aprobado por unanimidade, para continuar co impulso de políticas transversais de igualdade de xénero, mantendo o programa municipal 'Compostela Territorio das Mulleres'.

a. **Casa das Mulleres Xohana Torres** 75.000 €
   Consolidar o modelo de co-xestión da Casa das Mulleres entre Concello e os colectivos e grupos feministas. Activar o "Programa de dinamización social, organización e coordinación de actividades dirixidas ás mulleres na Casa Xohana Torres" (vinculado á EDUSI) e elaborar o Regulamento interno de uso

3. NOVOS EQUIPAMENTOS

Os orzamentos de 2020 deben garantir a posta en marcha de novos equipamentos xa planificados ou xa comprometidos coa cidadanía e co tecido asociativo.

a. Centro Cívico da Cidade Vella

O Pleno da corporación aprobou, en xullo do 2019, que se materializase canto antes o Convenio coa USC que permitira dispor da Casa Elisa e Jimena Fernández de la Vega para instalar nela o novo Centro Cívico da Cidade Vella. A maiores existe un proxecto (282.000 €), xa aprobado, que permitiría tamén localizar este equipamento na antiga biblioteca de Caixa Galicia na praza de Salvador Parga. Os próximos orzamentos municipais deben recoller esta vella demanda do barrio, consensuando co tecido asociativo, e que o centro sexa unha realidade xa neste ano.

b. Centro Apego

Incrementar o programa de gasto do departamento de Lingua, tal e como estaba recollido na proposta do orzamento de CA para o 2019 (330.000 €), co obxectivo de poder abrir un Centro Apego na entreplanta situada no Ensanche, entre as rúas de República de El Salvador e Xeneral Pardiñas. Máis de 400 m2 dedicados a actividades para a infancia, cunha programación estable en galego, con distintos espazos de xogo, de actuacións e tamén de uso libre para a veciñanza.

c. Almáciga

Iniciar as obras de mantemento, insonorización e ventilación que permitan a apertura dos locais de ensaio do Centro Xove da Almáciga, continuando o traballo iniciado no anterior mandato para favorecer a creación musical das bandas e grupos composteláns, e atendendo a unha demanda histórica da mocidade para poder ensaiar e facer gravacións musicais en condicións óptimas que favorezan boas prácticas no eido da creación musical.

4. CENTRO MUNICIPAL DE ATENCIÓN INTEGRAL ÁS PERSOAS SEN FOGAR

1.000.000 € (800.000 € de fondos EDUSI)

Manter o proxecto, financiado nun 80% con cargo á EDUSI, de creación dun Centro Municipal de Atención Integral ás Persoas sen Fogar, localizado no edificio que ocupa actualmente o Centro de Interpretación Ambiental de Belvís. Proxecto xa definido que contempla tanto a rehabilitación como o acondicionamento do edificio para poder atender as necesidades das persoas sen fogar, tendo en conta a diversidade de perfis e as diferentes modalidades de participación e intervención psicosocial.

5. PLAN DE HUMANIZACIÓN DOS COMEDORES ESCOLARES

150.000 €

Conveniar coa Xunta de Galicia un ambicioso plan para mellorar as instancias e salas que se usan para ofrecer o servizo de comedores escolares. O obxectivo deste plan sería manter unhas condicións de uso máis amables e adaptadas ás crianzas usuarias do servizo.

6. EMPREGO E REINDUSTRIALIZACIÓN

As políticas de emprego tamén foron prioridade no mandato anterior e apostamos por manter e ampliar o gasto comprometido en exercicios anteriores con especial atención aos seguintes programas:

a. Plan de reindustrialización 250.000 €

Impulsar, definitivamente, o Plan de reindustrialización para que Compostela sexa líder nos sectores da biotecnoloxía e da madeira, fixando tecido produtivo e emprego de calidade nesas áreas. Un proxecto coordenado con Xunta, Universidade, tecido empresarial e axentes sociais para desenvolver con urxencia o Polo industrial do polígono da Sionlla, evitando que se convirta nun novo polígono, case, exclusivamente de uso comercial.

b. Mapa do fomento do emprego 25.000 €

Elaborar un mapa de recursos e dispositivos dedicados ao fomento do emprego en Compostela, centralizando a información e creando un punto único de asesoramento e apoio para as persoas demandantes de emprego

c. Emprego digno e de calidade

Promover a realización de campañas específicas de inspección de traballo primando os sectores máis precarizados. Combater as malchamadas plataformas de economía colaborativa que pretendan competir deslealmente nalgúns sectores, precarizando as condicións laborais.

d. Liderado empresarial feminino 25.000 €

Posta en marcha dun programa de liderado empresarial e de emprendemento para as mulleres, dirixido a profesionais, directivas e emprendedoras. Ofrecendo formación, contactos e acompañamento a todas as mulleres que queren medrar profesionalmente de acordo cuns valores que favorezan a igualdade entre homes e mulleres.

e. Produción e economía de proximidade

Fomentar a economía de proximidade en produción e consumo. Continuar os traballos iniciados para outorgar máis peso no modelo económico aos sectores produtivos, recuperando aqueles do ámbito primario e manufactureiro que hoxe corren o perigo de desaparecer e valorizando a súa importancia e capacidade de contribuír ao desenvolvemento da economía de proximidade no municipio.

f. **Microcréditos a empresas** 100.000 €

Desenvolver un programa de microcréditos para pequenas empresas, a través de convenios con entidades de crédito, en especial coa banca ética. Así, achegar recursos ás persoas emprendedoras con menos posibilidades de conseguir financiamento na banca comercial tradicional.

7. COMERCIO

Compre apostar e apoiar o pequeno comercio e de calidade, que fai que as rúas da cidade estean máis vivas, que sexamos singulares, e que se fixe poboación nos barrios.

a. **Mercado de Abastos** 100.000 €

Posta en marcha do Plan de preservación do carácter singular do Mercado de Abastos. Actuando conxuntamente coa *Praza* para estudar a ampliación de horarios e prestar máis servizo a residentes, ordenando fluxos turísticos e promocionando actividades divulgativas sobre todo en tempada baixa.

b. **Comercio na Cidade Vella** 50.000 €

Plan de Dinamización Comercial da Cidade Histórica, para dar continuidade ao comercio tradicional e poñer limites ás tendas de "recordos". Establecendo medidas de discriminación positiva para protexer o comercio tradicional e promovendo a apertura de novos establecementos de interese social.

c. **Ensanche e barrios** 150.000 €

Continuar potenciando o programa "Con B de barrio" tras o éxito acadado cos programas de consultoría personalizada ao pequeno comercio. Creando un servizo estable de apoio para chegar a máis negocios e orientar os seus proxectos de mellora e innovación. Incrementar, tamén, as axudas ás asociacións de comerciantes, motor do sector en Compostela, para que conten cos recursos necesarios para desenvolver os seus proxectos de dinamización.

8. ECONOMÍA SOCIAL

70.000 €

Impulsar un servizo de apoio ao emprendemento social colaborativo e fortalecer iniciativas do ámbito da economía social e solidaria (cooperativas, terceiro sector, asociacións, economías colaborativas do procomún, economías comunitarias, etc.). Deste xeito, procurar a creación un espazo propio de aprendizaxe e encontro desde o que incidir na necesidade dun cambio de paradigma respecto ao modelo económico hexemónico.

9. PACTO POLO RURAL

2.500.000 € investimento
1.000.000 € mantemento

O pleno da corporación, en xullo do 2019, aprobou adoptar as medidas necesarias para elaborar un "Pacto polo rural" que garanta uns obxectivos mínimos de investimentos no ámbito rural que supoñan un mínimo de 2,5 millóns de euros, como punto de partida e a expensas do finalmente acordado contando coa implicación do tecido asociativo e, nomeadamente, de FERUSA. A maiores compre continuar coas políticas de mantemento e coidado do noso rural ata chegar a 1M € entre o contrato de rozas e o de conservación e reparación dos viarios.

10. HUMANIZACIÓN DO CAMPUS

400.000 €

Un dos principais retos que temos por diante como cidade é o de repensar o Campus Vida, o Campus Sur. Compre asinar o convenio que impulse o encaixe definitivo da zona universitaria na trama urbana de Santiago, con solucións consensuadas coa comunidade universitaria e co tecido asociativo. Trátase dun acordo de cidade que debe vir reflectido no documento orzamentario para este exercicio de 2020.

11. INVESTIMENTOS APROBADOS COS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

Durante o ano 2018 levouse adiante o proceso 'Compostela Decide' de orzamentos participativos que no seu apartado de investimentos aprobou varios proxectos decididos a través dos máis de 2.500 votos rexistrados. Todos estes investimentos viñan recollidos na proposta de orzamentos para 2019 que CA levou ao Pleno da corporación, mais que non foi aprobada.

a. **Microbuses eléctricos circulares para as parroquias do rural** 250.000 €
b. **Rehabilitación das fontes en estado de abandono ou gravemente deterioradas** 50.000 €
c. **Carril Bici urbano e interurbano** 400.000 €
d. **Recuperación da rúa de Caramoniña** 100.000 €
e. **CEIP Apóstolo Santiago: mobiliario de xogo e árbores no patio da escola** 15.000 €
f. **Integración Matadoiro no parque de Belvís: pintado e apertura dunha porta** 110.000 €
g. **Recuperación dos espazos públicos: humanización dos recunchos** 25.000 €
h. **Centro Sociocultural en Galeras** 225.000 €
i. **Reforma do vial A Pajuela-Campo da festa de Marrozos** 450.000 €

12. INVESTIMENTOS CON PROXECTO

Trátase de obras e melloras xa comprometidas coa cidadanía que non puideron levarse adiante por non aprobarse os orzamentos de 2019. Todas contan con proxectos xa aprobados e están listas para seren licitadas así que se dispoñibilicen as partidas correspondentes.

a. **Cuberta do Pavillón Municipal de Quiroga Palacios** 420.000 euros
b. **Acondicionamento do campo de fútbol de Belvís** 100.000 euros
c. **Mellora do entorno e instalación deportiva de Santa Isabel** 500.000 euros
d. **Humanización do campo da festa do Castineiriño** 250.000 euros
e. **Senda peonil e ciclable lagoa de cornes-conxo** 187.300 euros
f. **Parque biosaudables e infantis no rural Norte** 153.000 euros
g. **Zona cuberta de usos múltiples en Santa Marta** 140.000 euros

13. REDACCIÓN DE NOVOS PROXECTOS

a. **Cidade da Raqueta** 100.000 €
   Proposta que conta coa o apoio unánime do conxunto da corporación e para a que xa había unha partida reservada na proposta de CA para os orzamentos de 2019.

b. **Nova piscina en Santa Marta** 50.000 €
   Planificación dunha nova piscina cuberta no ámbito de Santa Marta, para dar mellor servizo a toda a cidade e, en especial, á zona sur. Co fin de integrala na rede de piscinas públicas conxuntamente coa de Santa Isabel e a do Multiusos.

c. **Nova escola infantil en Santa Marta** 50.000 €
   Redacción do proxecto dunha nova escola infantil para atender a zona sur de Santiago, con capacidade para 80 alumnas e alumnos en dúas liñas de 0 a 3 anos.

14. PLAN DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL

500.000 €

Deseñar e iniciar a execución dun 'Plan de Accesibilidade Universal' para que a contorna urbana de Santiago vaia tornándose gradualmente accesible, para que todas as persoas poidan utilizala libre e de forma autónoma. O Plan avaliará o nivel de accesibilidade existente nun determinado espazo ou servizo, definirá as accións necesarias para adaptalo, avaliaraas, priorizará e proporá un plan de etapas para a súa execución.

15. MELLORA DOS SERVIZOS

a. Recollida de Resíduos Sólidos Urbanos (RSU) 8.500.000 €

Na proposta de orzamento de Compostela Aberta para o 2019 existía unha previsión de 8,5M € para o novo contrato de recollida do lixo. Compre aplicar un novo modelo na xestión da limpeza urbana e na recollida de residuos incorporando vehículos eléctricos, menos ruidosos e menos contaminantes; aumentando o persoal de limpeza -mínimo nun 10%- para cubrir mellor os barrios e ampliar servizo durante o Xacobeo; incrementar a reciclaxe, a compostaxe, e a recollida separada de orgánicos.

b. Transporte público 5.500.000 €

Na proposta de orzamento de Compostela Aberta para o 2019 existía unha previsión de 5,5M € para implantar unha nova rede de transporte público, simplificando liñas, mellorando frecuencias, e garantindo a cobertura actual. Renovando a flota con novos vehículos híbridos ou eléctricos de accesibilidade universal e mellorando a sinalización das liñas. Creando un servizo a demanda que cubra todas as parroquias, e instalando 100 novas marquesinas nos barrios e no rural.

16. VIVENDA

a. Vivenda pública en rexime de alugueiro.

O Pleno da corporación, en outubro do 2019, acordou que o importe resultante da venda da parcela SUP-1 Quinteiro 2 fose destinado á construción de vivendas públicas en réxime de alugueiro.

b. Axudas complementarias para a instalación de ascensores nas ARIs 175.000 €

Convocatoria de subvencións complementarias ás axudas estatais concedidas ao abeiro dos convenios en vigor para as Áreas de Rehabilitación Integral declaradas no termo municipal de Santiago de Compostela (cidade histórica, Vite, Vista Alegre, Pontepedriña). As subvencións do Plan Estatal de Vivenda están dirixidas a comunidades de propietarios, e o obxectivo da convocatoria municipal é conceder axudas ás persoas físicas, en función do seu nivel de renda, para sufragar ata o 100% do total do gasto que teñan que afrontar para a instalación do ascensor no seu edificio.

c. Mobilización de vivenda baleira

O Pleno da corporación, en outubro do 2019, aprobou dar continuidade ao Plan de Mobilización de Vivenda Baleira de Santiago de Compostela *Aviva Compostela* coa dotación dos medios económicos e persoais necesarios. Nestes sentido propomos a contratación dun equipo de captación -similar ao xa existente noutras cidades- así como a contratación, por parte do Concello, dun seguro de impago e multirrisco para as vivendas incorporadas ao programa

d. Inspección de apartamentos turísticos

Reforzar a inspección e control sobre os apartamentos turísticos irregulares que supoñen competencia desleal, provocan o aumento dos alugueiros, reducen a oferta de vivenda residencial e precarizan o emprego. Ademais, o Pleno do Concello aprobou, en outubro de 2019, desenvolver un estudo de cara a limitar as vivendas de uso turístico co obxectivo de garantir a existencia dunha bolsa suficiente de vivendas para o seu alugueiro.

17. CULTURA E FESTAS

Ao longo do pasado mandato Compostela recuperou o seu latexo cultural, a través dun novo modelo baseado na participación, a descentralización e a diversificación das actividades. Froito dese traballo, en colaboración co tecido social e cultural, naceron iniciativas e programas que é preciso consolidar como a SELIC ou a Festa do Banquete de Conxo.

a. Festas galegas e feminizadas

Mantimento da liña de contratación de artistas galegas/os e de mulleres na programación das Festas (mínimo 50% en ambos casos)

b. Consolidación do novo calendario de festexos

Nomeadamente dúas propostas de éxito como foron a SELIC (tres edicións xa celebradas) e a Festa do Banquete en Conxo (dúas edicións xa celebradas)

c. Convocatorias abertas

Tanto de residencias escénicas como de apoio á creación en artes visuais.

d. Programa de residencias no talento que chega nos camiños

Aprovado polo Pleno, en decembro do 2019, para desenvolver un programa de residencia de creación e pensamento que acollan e proxecten sobre a cidade o coñecemento, o talento e a innovación que recibimos polos Camiños de Santiago.

18. AXUDAS Á COOPERACIÓN

150.000 €

Manter a convocatoria de subvencións de cooperación ao desenvolvemento, voltando a ser pioneiros nestas axudas, dirixidas a proxectos de cooperación internacional e que permiten traballar desde o local para mudar o global. Estudando a posibilidade de ampliar os eidos de actuación incorporando outras liñas de axudas destinadas á acción humanitaria, educación para o desenvolvemento e a cidadanía global. Procurando avanzar na publicación de convocatorias bianuais que amparen actuacións máis ambiciosas e de máis impacto e fomentando a avaliación no terreo dos proxectos desenvolvidos.

19. CENTROS CÍVICOS

Os Centros Cívicos constitúen unha ampla rede que supón a presenza do Concello nos barrios e parroquias. Cada un dos centros, e a poboación á cal serven, son diferentes e con características propias. É necesario que a Rede participe dun xeito activo na vida dos barrios, que os centros "saian á rúa" e que "a rúa entre" nos centros. Para isto é necesario un acordo entre todos os grupos para consensuar un novo prego e un novo modelo de Centros xa que todas as organizacións tiveron responsabilidades de goberno neste departamento. Ademais compre presentar unha planificación estratéxica da Rede de Bibliotecas José Saramago e planificar a longo prazo a actividade e o mantemento dos locais da zona rural

20. MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN

a. Administración electrónica

Concluir a implantación da administración electrónica iniciada no anterior mandato para modernizar o Concello e mellorar a relación coa cidadanía. A nova plataforma, na que se investiron preto de dous millóns de euros, permitirá dotar dunha sede electrónica municipal,, dun rexistro electrónico e dun novo xestor de expedientes, instrumentos para mellorar a transparencia e axilizar a relación da veciñanza coa administración local.

b. Pagamento fraccionado de impostos

Implantar o pago de impostos "á carta", de forma que a veciñanza poida escoller o modo de abono e a periodicidade que mellor se adapte ás súas necesidades (mensual, bimestral, trimestral ou semestral).